

Programación infantil con apego

VERÁN

www.apego.gal
apego.santiagodecompostela.gal



CONCELLO DE
SANTIAGO

Oriña bailarina

Gazafellos

Martes 5 de xullo ás 19 h

Parque de San Roque. Se chove, Teatro Principal

Un pirata, un xogador de fútbol, unha bailarina de caixiña de música, todos cun único desexo: xogaren sen límites para medraren sen "medidas". Ghazafellos e María Canosa propóñennos reflexionar sobre a igualdade de xénero a partir do cambio de roles e dos estereotipos sociais cun contacontos dramatizado onde o público ten a última palabra.

5 a 12 anos

Cultura no camiño

Visitas aos parques

Martes 5 de xullo e venres 5 de agosto:
Bonaval (Museo do Pobo Galego)

Martes 19 de xullo e martes 23 de agosto:
O Espiño (Parque infantil de Galeras)

Martes 26 de xullo e martes 30 de agosto:
Vista Alegre (Capela de Santa María da Fonte)

Venres 12 de agosto: Alameda (As Marías)

Xoves 25 de agosto: Pedroso (Parque de Galeras)

Todas as saídas son ás 11 h. A partir de 3 anos

25 prazas. Inscripción no tfno. 661 406 965

Bb-ludo xoga no verán

Martes 5, 12, 19, 26 de xullo de 10.30 a 13 h
CSC de Vite

Espazo afectivo, dedicado a actividades lúdicas e de lecer.

0 a 6 anos

Obradoiro de pintura

Sisel

Mércores 6 de xullo de 11 a 12.30 h

CSC de Vite

Obradoiro de encáustica fácil.

A partir de 4 anos

20 prazas para nen@s acompañados dun adulto.

Inscripción no 981 542 490 ou no CSC de Vite

Ruta polas Brañas de Sar

Mércores 6 de xullo de 17 a 18.30 h

Inscripción previa a partir do 15 de xuño no CSX

O Ensanche ou no 981 543 001.

Sábado 24 de setembro de 17 a 18.30 h

Inscripción previa a partir do 1 de setembro en

ciac@santiagodecompostela.gal ou

<https://www.facebook.com/CIACBelvis/>

Paseo coa auga como tema central no Centro de Interpretación Ambiental (CIAC).

O segredo do tendal

Raquel Queizás

Xoves 7 de xullo ás 19 h

Parque de Vista Alegre. Se chove, Teatro Principal

Colgadas no tendal, as letras senten o sol a facerlles cóxegas e bailan unhas coas outras. A roupa tamén quere xogar coma elas: as pinzas axudan a un pano a medrar até se converter nunha montaña, unha toalla foxe correndo entre as cordas... ou é un can de palleiro? Xoga cos límites entre teatro, monicreques e pantomima, e con eles cruza as fronteiras da imaxinación máis alá do escenario.

A partir de 3 anos

Cultura no camiño

Rutas naturais

7 de xullo e 4 de agosto: río Sarela (Carballeira de S. Lourenzo)

14 de xullo e 1 de agosto: río Corgo (Parque infantil de Galeras)

21 de xullo e 18 de agosto: río Sar en Conxo (CSC de Conxo)

28 de xullo: parques forestais do Pedroso (Parque infantil de Galeras)

A partir de 8 anos

Todas as saídas son ás 11 h

25 prazas. Inscripción no tfno. 661 406 965

Ruta familiar de xogo

Xoves 7 de xullo de 11.30 a 12.30 h

CSC de Vite

Polos parques de Santiago, camiñando e xogando aos xogos de sempre.

Para nen@s acompañados dunha persoa adulta. Inscripción previa no 981 542 490 ou CSC Vite

Xogos populares na rúa

Asociación Xogos Tradicionais

Venres 8 de xullo de 10.30 a 13.30 h

CSC de Vite

Wellcome

Duelirium

Luns 11 de xullo ás 19 h

Parque de Bonaval. Se chove, Teatro Principal

Que pasa cando dúas amigas non se ven dende hai tempo? Que se traen entre elas? Intencións e

emocións ocultas expostas á mirada da xente que pasa arredor desta casa sen paredes... Risas, aloumiños, leas e anécdotas que transcorren nun piso moderno de 12 metros cadrados... Moita historia é a que teñen as dúas artistas entre mans compartindo intimidade cun público achegado.

Cultura no camiño

A banda das apertas

Magín Blanco

Martes 12 de xullo ás 19 h

Parque da Música en Compostela. Se chove, Teatro Principal

Percorrido polas cancións infantís de diferentes proxectos de Magín Blanco como A nena e o grilo, Gatuxo, María Fumaça ou Rosalía Pequeniña.

Cultura no camiño

Ruta polo parque de Belvís

Mércores 13 de xullo de 17 a 18.30 h

Centro de Interpretación Ambiental (CIAC)

Inscrición no CSX O Ensanche ou no 981 543 001

Contos e lerías

Daboapipa

Mércores 13 de xullo ás 19 h

Parque-Praza de Salvador Parga. Se chove, Teatro Principal

Un feixe de historias recollidas dos nosos maiores, coa palabra preparada para saír en calquera momento pola boca, con contos para pacientes, para impacientes, para o demo, para tremar de medo, para o mal tempo boa cara e para amarse e durmir quentiños. Contos cos que

todos medramos e aprendemos a pasar pola vida bañados por música, cancións, xogos e risas.

A partir de 6 anos

Cultura no camiño

Maxia en estado puro

Mago Richard

Xoves 14 de xullo ás 19 h

Parque de Galeras. Se chove, Teatro Principal

A mestura de ingredientes é a mellor receita para este espectáculo dinámico e divertido .

O principal elemento é a máxia e o seguinte son os meniños e a súa imaxinación. A música é o terceiro ingrediente que, xunto coa palabra, xoga un rol destacado. Os gags e mais o humor estarán tamén moi presentes.

Cultura no camiño

Obradoiro de iniciación á observación de aves

Sábado 16 de xullo ás 12 h

Centro de Interpretación Ambiental (CIAC)

Inscrición a través de ciac@santiagodecompostela.org ou <https://www.facebook.com/CIACBelvis/>

Bb- ludo xoga no verán: medra creando

Aquelar

Martes 19 de xullo ás 11.30 h

CSC de Vite

Mamás, papas e bebés divertiranse e experimentarán coa pintura de mans, o chocolate, materiais moldeables...

0 a 3 anos

Inscrición no 981 542 490 ou no CSC Vite

Romaría cativa

Sábado 23 de xullo todo o día

Parque de Bonaval

Música e moito máis...

Terra-auga-aire

Can Cun Quinqué

Martes 26 de xullo ás 19.30 h

Venres 16 de setembro ás 19 h

Parque de Bonaval

Danza en familia. Cos elementos naturais, terra, auga e aire, elaboraremos unha coreografía onde a familia enteira experimentará os pasos da creación artística.

Ruta sobre a biodiversidade urbana

Venres 29 de xullo de 17.30 a 19 h e Xoves 1 de setembro de 17 a 18.30 h

Centro de Interpretación Ambiental (CIAC)

Paseo circular para coñecer as hortas e tratar da biodiversidade.

Inscrición: ciac@santiagodecompostela.org ou www.facebook.com/CIACBelvis/ a partir do 1 de xullo para a primeira ruta e a partir do 15 de agosto para a segunda ata completar prazas

Obradoiro de circo

Circo 9

Luns, martes e mércores da primeira quincena de agosto ás 11 h

Parque de Bonaval. Se chove, na nave da Almaciga

A asociación Circonove sae á rúa para compartir os seus coñecementos. Seis días nos que aprender a facer malabares e a dar pinchacarneiros. Ven e serás a sensación das festas todo o ano mostrando as habilidades aprendidas.

A partir de 4 anos

Inscrición no enderezo circonove@gmail.com

Despois de merendar, a rúa é nosa!

Xandobela

De luns a venres agás festivos durante agosto de 18.30 a 20.30 h

Mercado de Abastos (punto de inicio)

Tempo para recuperar a rúa e xogar, falar, facer amig@s, aprender habilidades divertidas... Tempo libre de verán!

De 6 a 12 anos

Só hai que achegarse ao punto de encontro entre as 18 e as 18.15, cubrir os datos e... xogar. Máximo 20 nen@s

Obradoiro de consumo responsable: granizados

Sábado 20 de agosto de 17 a 18.30 h

Centro de Interpretación Ambiental (CIAC)

Inscrición: ciac@santiagodecompostela.org ou

www.facebook.com/CIACBelvis/ a partir do 1 de agosto

Un paseo por Compostela en tren

Sábado 3 de setembro ás 10.30 h e domingo 4 de setembro ás 12 h

Praza do Obradoiro

Unha visita aos lugares máis emblemáticos da cidade contada para @s peques.

Reserva de praza en info@santiagoturismo.com ata o venres anterior, especificando data, hora, e número de persoas. Prezo 4 €, de balde ensinando este folleto.

Autocares Mosquera

Semana Cultural de Conxo

Do martes 6 ao sábado 10 de setembro polas tardes

CSC de Conxo

Programación cultural para todas as idades.

Cabaret infantil prodixio

Iria Piñeiro Santos

Venres 9 de setembro ás 18.30 h

CSC de Conxo

As irmás prodixio viaxan polo mundo desde que son pequenas cunha chea de maletas e curiosos obxectos que agochan as máis peculiares e divertidas historias.

3 a 8 anos

Ler conta moito

Galicia Entroido & Xenerais da Ulla

Sábado 10 de setembro ás 13 h

Praza do Obradoiro e rúas da cidade histórica

Exposición fotográfica, espectáculo de monicreques "As Xenerais da Ulla" de Títeres Cachirulo e obradoiro de triscornios. Actividades organizadas como complemento ao desfile de exaltación dos Entroidos galegos tradicionais: Laza, Maceda, Manzaneda, Verín, Viana do Bolo, Vilaboa e os Xenerais da Ulla (A Estrada, Boqueixón, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Touro, Vedra e Vila de Cruces). Como

convidados os Volantes de Chantada e os Boteiros de Vilariño de Conso. En total, 450 participantes a pé e 8 xinetes a cabalo.

Obradoiro de compostaxe

Sábado 17 de setembro de 17 a 18.30 h

Centro de Interpretación Ambiental

Inscrición: ciac@santiagodecompostela.org ou www.facebook.com/CIACBelvis/ a partir do 1 de setembro

Brincando cos sentidos

Suelky Rodriguez

Sábado 24 de setembro ás 11h

CSC das Fontiñas

9 a 12 meses

10 prazas de bebés acompañados. Inscrición na aula de xogo e no 981 528 750

Santiago mmm... que rico!

Xogo-guía

Un libro-guía que propón un xogo de probas para coñecer Santiago a través da gastronomía.



8 a 12 anos

Turismo de Santiago (Rúa do Vilar, 63 – aberta todos os días). Os exemplares en galego son de balde para os/as nenos/as que presenten este folleto (ata finalización de stock), o prezo xeral son 4 €.

+INFO:

www.apego.gal

apego.santiagodecompostela.gal



*No verán..
Investigamos
a Alameda!*

Moito presta pasear pola sombra cando vai calor! Este verán convidámosvos a coñecer unha das zonas verdes con máis interese de Compostela: a Alameda.

Se acompañados o apego Po neste paseo dende Porta Faxeira descubriresdes algunhas das maravillas que agocha o parque: un banco para corral segredos, dúas mulleres de ganchete que foron moi populares na cidade, unha escritora que pensa, un escritor con lentexas... e polo camiño das visitar mozas de árboreas os que sempre estiveron por aquí coma o caballo ou o teixo, outros chegados de bruxe coma a secucia ou o lillero prateado, un mozooi antigo, o Gingo, e mesmo algun cunha historia especial, coma a árbore dos namorados, un eucali enorme cunme

vistas espectaculares.

Nas fotografías poderdes ver algúns exemplares. Para axudarvos a recoñecelos e localizalos, a ver se atopades as súas follas no mapa antes de partir á aventura!

Para saber mais:

- *Baralho das árvores na Galiza. Escola de Ensino Galego Semente*
- *Guía verde de Santiago de Compostela. Alvarelos*